[JCCP/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 7 de maio de 2024, ás 16:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Mesa do Parlamento:
María Elena Candia López
(Vicepresidenta 1ª)
Comparecente:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. Vicepresidenta 1ª da Mesa do Parlamento, Sra. Candia López, abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elección da Presidencia e da Vicepresidencia da Comisión

1.1 (12/CEEM-000014)

1.2 (12/CEEM-000015)

A señora Vicepresidenta 1ª, comunica que, vacantes a Presidencia e a Vicepresidencia pola renuncia dos seus titulares, de seguido, de conformidade co preceptuado no artigo 41 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da Presidencia e da Vicepresidencia da Mesa desta comisión de acordo co procedemento establecido no artigo 36 do RPG, en votación separada para a Presidencia e para a Vicepresidencia. A votación será secreta por papeletas tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados.(art. 41, 36.1 e 91.1.2.ª RPG)

Asemade, lémbralles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética.

Resultará elixido presidente ou presidenta quen obteña na primeira votación maioría absoluta (9 votos), e de non se dar esta circunstancia, efectuarase unha nova votación entre os que acadasen as dúas maiores votacións, e resultará elixido quen obteña máis votos.

Pola súa parte, resultarán elixidos vicepresidenta ou vicepresidente quen obteña máis votos.

. Elección da Presidencia:

Logo da distribución das papeletas, a señora secretaria inicia o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

Patricia García González	9 votos
En branco	7 votos
Nulos	0 votos
Total de votos emitidos	16 votos

PARLAMENTO DE GALICIA

En consecuencia, resulta elixida **presidenta** da Comisión, **Patricia García González, do G.P. Popular de Galicia**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

Neste intre a señora vicepresidenta 1ª, Sra. Candia López, auséntase da sala.

. Elección da Vicepresidencia:

Logo da distribución das papeletas, a señora secretaria inicia o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

Paula Mouzo Mas	9 votos
En branco	7 votos
Nulos	0 votos
Total de votos emitidos	16 votos

En consecuencia, resulta elixida **vicepresidenta** da Comisión, **Paula Mouzo Mas, do G.P. Popular de Galicia**, que pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición, polo que a devandita delegación enténdese **aprobada por asentimento**.

Punto 3. Pregunta

3.1 1456 (12/POC-000230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a evolución da produción marisqueira nas rías galegas nos últimos anos, a valoración que fai o Goberno galego nesta materia e as liñas de axudas que prevé pór en marcha para compensar o sector pola baixa produción da última tempada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

Intervén o **señor Abalde Alonso (S)**, para a exposición das cuestións concretas que figuran na súa iniciativa e que se detallan na publicación anteriormente citada.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña**.

Na rolda de réplica o **señor Abalde Alonso (S),** comenta a información recibida e expón diferentes consideracións en base a ela.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.**

Pásase ao debate do seguinte punto da orde do día:

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 485 (12/PNC-000021)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ao Goberno central co fin de que reduza o IVE dos produtos do mar e se poida beneficiar o complexo mar-industria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A **señora Hermelo Piñeiro (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font (S),** para anunciar o voto positivo do seu grupo a esta proposta, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola propoñente.

A seguir toma a palabra a **señora González Iglesias (BNG)**, que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta que o seu grupo vai apoiala.

Na rolda de puntualizacións a **señora Hermelo Piñeiro (P),** comenta as anteriores intervencións e agradece o posicionamento favorable.

4.2 502 (12/PNC-000023)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre as reclamacións que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

O **señor Fidalgo Iglesias (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font (S),** para destacar as diferentes actuacións do Goberno central a respecto do tema obxecto da iniciativa.

A **señora González Iglesias (BNG),** motiva o posicionamento a favor da proposta, logo de cuestionar algúns aspectos da mesma.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fidalgo Iglesias (P),** comenta as anteriores intervencións e agradece o posicionamento favorable do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

4.3 1465 (12/PNC-000184)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de paliar as perdas económicas dos mariscadores e das mariscadoras e de recuperar a produción das rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 3171), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández (BNG),** que procede á defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Abalde Alonso (S),** para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Mouzo Mas (P),** detalla as

PARLAMENTO DE GALICIA

diferentes actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para paliar as perdas económicas das e dos traballadores do mar e recuperar a produción das rías galegas.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora Pérez Fernández (BNG),** comenta as anteriores intervencións e motiva a non aceptación da emenda.

4.4 1508 (12/PNC-000175)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da modificación das convocatorias de axudas para 2024 dirixidas ás mariscadoras e aos mariscadores afectados por paralizacións temporais da súa actividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández (BNG)**, que expón os motivos que a levaron á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado

Na rolda dos grupos parlamentarios intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** para expresar a posición do seu grupo a favor desta proposta.

En segundo lugar intervén a **señora Mouzo Mas (P),** para puntualizar algunhas das manifestacións expresadas nas anteriores intervencións e manifestar que o seu grupo parlamentario tamén vai apoiar esta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez Fernández, dona Rosana (BNG),** comenta as anteriores intervencións e agradece o apoio dos grupos parlamentarios.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

4.1 485 (12/PNC-000021), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España para que amplíe a redución do IVE de produtos básicos tamén a pescados, mariscos e conservas.»

PARLAMENTO DE GALICIA

4.2 502 (12/PNC-000023), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 14 (G.P.P+BNG)
Votos en contra: ..... 2 (G.P.S)
Abstencións: 0

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España que incremente os fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria e axilice a súa activación para que o sector poida acometer novos investimentos.»

4.3 1465 (12/PNC-000184), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar e poñer en marcha de xeito urxente e extraordinario un plan de cobertura económica e social para as traballadoras e traballadores do mar afectados pola sucesión de condicións climatolóxicas adversas que se veñen producindo desde o mes de outubro, e que inclúa, cando menos:

— Axudas directas dende o mes de outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade.
— A creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos e unha renda digna aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade.
— Demandar do Goberno do Estado a exención das cotas da Seguridade Social para as persoas afectadas ata que se recupere a actividade con normalidade.
— Atender a situación económica das confrarías que se vexan afectadas por unha importante diminución de ingresos por mor da caída de produción.

2. Elaborar, sen máis dilación e de acordo co sector, cos centros de investigación da Consellaría do Mar e coas universidades galegas, orzar e executar un plan plurianual de medidas que permita:

— Comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade.
— Artellar os mecanismos necesarios para enfrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na

PARLAMENTO DE GALICIA

actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galicia.»

4.4 1508 (12/PNC-000175), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a modificar o proxecto de ordes de axuda 2024 para as persoas mariscadoras afectadas pola paralización temporal en diferentes bancos marisqueiros intermareais de Galicia, de xeito que os 120 días de actividade extractiva non teñan que ser verificados necesariamente coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados, co obxectivo primordial de evitar os posibles prexuízos que puidesen ter lugar.»

Esgotada a orde do día, a Presidencia levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:15 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.03 14:22:28 +02'00'

e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.06.03 10:37:57 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión